

21/03/2023

“UN BOSQUE CHEO DE LIBROS. A LITERATURA INFANTIL E XUVENIL EN GALEGO NA ACTUALIDADE”

O venres 24 de marzo, entre as 09:00 e as 18:30 horas, terá lugar no Auditorio Neiras Vilas unha nova xornada técnica da BdG. Baixo o título “*Un bosque cheo de libros. A literatura infantil e xuvenil en galego na actualidade*”, a xornada pretende ser un percorrido polos 100 anos da literatura infantil e xuvenil galega.

Este mesmo período é o que se repasa na exposición “*Unha árbore de historias*”, que é posible visitar ata finais de maio na Biblioteca de Galicia, e da que nace esta xornada de formación. Non obstante, aínda que nela haberá espazo para facer balance de todos aqueles elementos que conformaron a literatura infantil e xuvenil de noso tal e como a coñecemos hoxe, o énfase estará nos libros actuais para o lectorado en formación. Así, a través da experiencia, das reflexións e do debate entre autoras, ilustradores e especialistas en literatura infantil e xuvenil, preténdense achegar claves para a mediación lectora, particularmente dende as bibliotecas, á vez que reflexionar sobre o estado das nosas creacións para a infancia e a mocidade.

As diferentes mesas redondas que conforman o programa teñen como obxectivo pór o énfase no presente e no pasado dunha narrativa infantoxuvenil máis que consolidada, nunha poesía innovadora tamén dende a perspectiva peninsular, nunha literatura dramática que continúa buscando o seu espazo entre as lecturas da xente nova, nun álbum ilustrado que se dirixe xa a todo tipo de públicos e nunha banda deseñada que segue a ser un xénero exitoso entre a infancia e a mocidade.

Como marco privilexiado, a conferencia inaugural de Fina Casalderrey sobre escribir literatura infantil hoxe e a conferencia de peche de Rosa Taberero sobre cara a onde camiña a lectura no século XXI prometen facer reflexionar ás persoas asistentes arredor dos retos para seguir formando lectoras e lectores. Todo isto coa arela de coñecer máis en profundidade ese bosque cheo de libros que é hoxe a literatura infantil e xuvenil galega.



DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

Programa da xornada 24032023

<https://bibliotecadegalicia.xunta.gal/gl/actualidade/aviso/un-bosque-cheo-de-libros-literatura-infantil-e-xuvenil-en-galego-na-actualidade>